


“

Os que non coñecedes Galicia, os que non vivistes a guerra, non vos pededes dar idea do que aconteceu aquí. O terror que exerceron os franquistas foi o mais, cruel, o máis espantoso que padeceu España”

“Desde o día 29 de setembro, eu era a viúva dun paseo. Estes son os homes aos que asasinaban sen xulgar porque ningunha lei pode condenar aos inocentes”

Diarios. Syra Alonso



FICHA TÉCNICA DO ROTEIRO



Distancia total: 1,92 km (ida) 3,84 km (ida e volta).



Tipo de ruta: Linear.



Dificultade estimada: Moderada polos fortes desniveis, a pesares da curta distancia.

Terreo: Variado, con subidas e baixadas pronunciadas.



Tempo estimado: 35-55 minutos (ida) 1h 10 min-1h 50 minutos (ida e volta).



Grande parte do percorrido transcorre por camiños de terra que se converten en lameira coa choiva, ademais de poder atopar paos e pedras no camiño, recomendase levar un calzado pechado con boa tracción e impermeábel.



Non existen fontes durante o percorrido, aconsellase levar auga.



Foto Lente Diverxentes

ROTEIRO DA MEMORIA - AS CATALINAS -

Unha homenaxe ás vítimas da represión franquista en Carral

ORGANIZA



dacoruna.gal | faimemoria.gal

COLABORA



Golpe de estado e represión na comarca

Na noite do 18 de xullo de 1936, en pleno baile das festas de Santa Mariña de Beira, en Hervés, apareceu un camión militar, os ocupantes baixaron e pegaron un tiro ao aire. A música detivose, a xente escapou, e a festa, que tiña que continuar os días 19 e 20, quedou suspendida. Foi o primeiro contacto que tiveron os veciños desta zona co golpe militar contra a República en 1936.

Este golpe triunfou en toda a comarca, e as novas autoridades golpistas, para consolidar o poder recen acadado, comezaron unha política de represión contra o pobo, neutralizando aos que consideraban opositores e espallando o medo entre o resto da poboación, reducindo así as opcións de que alguén se erguera contra eles. Exis-

ten testemuñas de perseguidos que se agochaban nos montes de Carral ou nas covas da parroquia de Beira, humillacións a veciñas ás que raparon e obrigaron a pasear polo medio de Carral, chivatazos de veciños, enganos, censura e requisamentos da colleita.

Tamén houbo historias de soidaridade, coma a do cura de Beira no ano 1936, Jose María Mosquera, que agochou na casa reitoral a veciños perseguidos, e sendo interrogado polas autoridades sobre eles, obrigaronlle xurar sobre a hostia que non coñecía o seu paradiro, e o sacerdote cometeu perxurio para protexelos. A tradición oral relata que pouco despois deste episodio, enfermou gravemente.



Memorial do cemiterio de Beira



Onde era o baile

A canteira das catalinas

Un dos episodios máis duros da represión en Carral foi o acontecido na canteira das Catalinas, no monte das Teixoeiras; un espazo de extracción de áridos, supostamente de orixe romano, situado no bordo da N-550 que une Coruña con Tui, onde **entre os días 14 de agosto e 3 de novembro de 1936, foron aparecendo os corpos de alomenos 18 homes asasinados, vítimas desta represión.**

Non eran de Carral, residían en outros municipios e eran deixados aquí para espallar o medo na zona e embrollar a súa identificación, impedindo que os seus familiares os puideran recuperar.

As testemuñas arredor deste suceso son arrepiantes, falan de camións que chegaban ao abrigo da noite, do ruído dos disparos, e incluso berros de vítimas moribundas na metade da noite. Era unha advertencia moi clara a toda a poboación: *Obedece-de ou pola contra mirade o que vos pode acontecer.*

Cando un corpo aparecía na canteira, unha autoridade chamada *celador*, acudía os núcleos de arredor (Canedo, Travesas, Hervés, Beira...) e decidía que veciños tiñan que transportar os corpos ata o cemiterio, unha forma máis de espallar o terror. Os

seleccionados, empregando o seu carro de bois, o mesmo que empregaban nas labores de labranza, ian ata as catalinas, cargaban os corpos, e desprazábanse ata o cemiterio de Beira, o máis perto ao lugar, alí deixaban os corpos na denominada botilla (un espazo hoxe desaparecido onde os curas antigamente deixaban os cabalos nos que iban aos enterros), e alí os velaban ata que eran soterrados en foxas sen nome ao redor do edificio da igrexa.

A pesares de que disto a prensa non falaba, os veciños mantiveron viva na memoria do acontecido na canteira das Catalinas. Regularmente deixábanse flores, e en 2022, inaugurouse un monolito na lembranza destas vítimas e unha serie de encontros cos familiares destas.

Os familiares, ao abrigo da Lei de memoria histórica buscaron recuperar os corpos dos seus seres queridos e pechar un trauma, o da desaparición, que foi transmitido interxeneracionalmente; a ampliación da igrexa en 1954, propiciada por un cura militar, enriba de varios dos supostos lugares de soterramento, fai inviable recuperar a totalidade das vítimas, aínda así, en 2026, 90 anos despois do golpe de Estado, a terra volveu a abrirse en Beira.



As Catalinas



Canteira 1936

O roteiro da memoria As Catalinas

Tamén dende 2026 existe un sendeiro lineal sinalizado de case 2 kilómetros de lonxitude (sentido ida) dende a antiga canteira das catalinas ata a igrexa de Beira, seguindo o mesmo camiño que antigamente levaba á igrexa, e que é o que percorreron en 1936 os carros de bois que trasladaban ás vítimas da canteira, ten unha dificultade moderada e transcorre na súa maioría por un pavimento de terra; no itine-

rario existen dúas mesas interpretativas ao inicio e ao final da roteiro, que poñen en contexto sobre o que acontece na canteira en 1936, e ademais existen nas distintas sinalizacións do percorrido códigos QR que aumentan a información sobre a canteira, os crimes e a represión en Carral.

O entorno do roteiro

O monte das Teixoeiras, onde se ubica a canteira das Catalinas e a igrexa de Beira, está enclavado ao carón do val de Barcia, un pintoresco entorno natural ao pé do monte Xalo, no itinerario existen varios puntos que ofrecen boas vistas do val; durante o percorrido pódense atopar varios regos, un deles, o *rego das reghas*, aínda hoxe abastece de auga a casas da zona. No entorno tamén podense atopar varias covas naturais; nunha delas, a *cova dos foucellas* (hoxe case desaparecida pola erosión) estiveron agochadas varias persoas que fuxían da represión. En Hervés debaixo podese atopar o *Pazo das Cadeas* (non visitábel), no que celebrábase a misa durante a reforma da igrexa de Beira no ano 1954. Por último, doutro lado da N-550, atopase o *conxunto etnográfico dos muiños do batán*, 14 muiños de auga ao longo do río Abelleira, de extraordinaria fermosura, que nos achegan as tradicións e historia da zona.